PONT-UP STORE

**ESPAZO DE EMPRENDEMENTO**

# O IMPULSO DA XENTE VALENTE



## PROGRAMA

19-21 SETEMBRO 2019 / PRAZA DE ESPAÑA / PONTEVEDRA

# ÍNDICE

02 PRESENTACIÓN

## PROGRAMA POR DÍA

06 MÉRCORES 18
06 XOVES 19
07 VENRES 20
08 SÁBADO 21

## PROGRAMA POR ÁMBITOS

ESPAZO DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS E DO ECOSISTEMA EMPRENDEDOR 10

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO
Actos institucionais 14
Mapa de stands 15
Lista de participantes 16
Puntazo Exprés 18
Actividades demostrativas 21

LABORATORIO CREATIVO: FAB LAB 26

ESPAZO GAMING: EMPRENDEMENTO DA MAN DOS VIDEOXOGOS 29

ESPAZO DE ECONOMÍA SOCIAL E CREATIVA 32

ESPAZO DE IGUALDADE 34

ESPAZO DE INNOVACIÓN SOCIAL 37

TECENDO REDES: ESPAZO NETWORKING 38

42 LOCALIZACIÓN DE ESPAZOS

PONT-UP
STORE
2019

# ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

Unha experiencia única na que se van dar cita centos de persoas con **talento, creatividade e espíritu emprendedor.**

# PARTICIPA!

---

VISITA OS **STANDS** PARA INSPIRARTE E COÑECER
AS IDEAS DE NEGOCIO CON MÁIS FUTURO

---

PARTICIPA NAS
**ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS**
QUE SE DESENVOLVERÁN
NO ESPAZO CENTRAL DA CARPA E ARREDORES

---

APRENDE, FÓRMATE E AMPLÍA A TÚA REDE DE CONTACTOS
NAS **ACTIVIDADES PARALELAS**
QUE ORGANIZAMOS POR TODA A CIDADE

---

ASISTE Á SESIÓN DO **PUNTAZO EXPRÉS**
NA CASA DAS CAMPÁS E TOMA NOTA DAS INICIATIVAS
MÁIS VALORADAS POR ENTIDADES E GRANDES EMPRESAS

# QUE É O PONT-UP STORE

O **PONT-UP STORE** é unha iniciativa aberta a toda a cidadanía que centra os seus esforzos en apoiar o **EMPRENDEMENTO** e fomentar a cultura emprendedora na sociedade.

Durante tres días **PONTEVEDRA** acolle en distintos puntos da cidade un programa de actividades con propostas innovadoras pensadas para orientar e axudar ás persoas que están no camiño do emprendemento.

## XORNADA PREVIA

VARIOS PUNTOS DA CIDADE

XOVES 19

## ESPAZO EMPRENDEDOR

NA CARPA DA PRAZA DE ESPAÑA

VENRES 20 | SÁBADO 21

## PUNTAZO EXPRÉS

CASA DAS CAMPÁS

VENRES 20 SETEMBRO

O punto central volverá ser a carpa situada na **PRAZA DE ESPAÑA**, onde poderedes coñecer as mellores iniciativas de emprendemento do país e participar nas actividades demostrativas que se desenvolverán no espazo central e noutros puntos cercanos.

A pouca distancia, nas instalacións da Facultade de Belas Artes, o **LABORATORIO CREATIVO: FAB LAB** achegaranos a partir do xoves 19 obradoiros dirixidos a diferentes públicos, que terán a oportunidade de coñecer as tendencias e innovacións da creación sonora e audiovisual en tempo real a partir da experiencia da fabricación dixital.

O **ESPAZO GAMING** volverá achegarnos propostas de emprendemento da man dos videoxogos, a través de charlas e varios talleres prácticos que se desenvolverán na **CASA DAS CAMPÁS**.

Este ano, ademais, arrancamos a primeira edición do **HOBBYPONT**, un evento multidisciplinar onde as grandes ramas do ocio alternativo serán as protagonistas.

Tamén contamos cun espazo específico para proporcionar formación e recursos a aquelas persoas emprendedoras que aposten pola **ECONOMÍA SOCIAL.**

A **IGUALDADE** é un enfoque transversal do encontro desde os seus inicios e este ano conta cun espazo propio onde se presentarán iniciativas e axudas para propiciar a creación e apoio de emprendementos sostibles en igualdade.

Consolidámonos como a sede onde varias asociacións e entidades do **ECOSISTEMA EMPRENDEDOR** celebran as súas presentacións, asembleas e reunións anuais.

Abrimos un **ESPAZO DE INNOVACIÓN SOCIAL** no que abordamos retos como a activación do noso rural e os proxectos de emprendemento senior e interxeracional.

Dentro do espazo de networking **TECENDO REDES** propoñemos unha **VERBENA CREATIVA** para poñer en contacto a comunidades colaborativas e innovadoras que movilizan as nosas contornas a través de proxectos de dinamización social.

E, a través do **PUNTAZO EXPRÉS**, onde volveremos propiciar encontros produtivos entre os novos emprendementos e as grandes entidades e empresas galegas, para continuar tendendo pontes que atraian a Pontevedra a creatividade e a innovación en todos os sectores.

# PROGRAMA POR DÍA

## MÉRCORES 18

| | | PAX. |
|---|---|---|
| 10:00-14:00<br>16:00-19:00 | Laboratorio creativo *(comeza o mércores)* | 26 |
| 19:00-20:30 | Mesa redonda: Tendencias e innovacións nos escenarios | 27 |

## XOVES 19

| | | |
|---|---|---|
| 10:00-14:00 | Laboratorio creativo *(mañá e tarde)* | 26 |
| Xornada “As cooperativas culturais: resposta aos retos do sector cultural” | | |
| 10:30-14:00 | Mesas de experiencias inspiradoras e Encontro con representantes de institucións públicas e entidades privadas | 32 |
| 11:00-14:30 | Exposición “Cata de ideas na economía social Proxecto INTERREG VA-LACES” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 16:00-18:00 | Xuntanza interna da Sectorial de Cultura da Unión de Cooperativas EspazoCoop | 32 |
| 16:00-19:00 | Laboratorio creativo *(mañá e tarde)* | 26 |
| 16:00-19:00 | Charla técnica sobre creación de personaxes | 29 |
| 16:30-21:00 | Exposición “Cata de ideas na economía social Proxecto INTERREG VA-LACES” *(mañá e tarde)* | 33 |

# VENRES 20

| | | PAX. |
|---|---|---|
| 10:00-14:00 | Laboratorio creativo | 26 |
| 10:00-14:00 | Showroom Exposición de proxectos e prototipos de innovacións creadas no Lab *(mañá e tarde)* | 27 |
| 11:00-14:30 | Mural de cocreación “Imaxina a empresa ideal” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 11:00-14:30 | Exposición “Cata de ideas na economía social Proxecto INTERREG VA-LACES” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 11:00-14:30 | Creando valor, tecendo redes *(mañá e tarde)* | 38 |
| 11:30-12:00 | Acto inaugural | 14 |
| 11:00-21:00 | Espazo de emprendemento: Stands | 16 |
| 11:00-21:00 | Experiencia olfativa do Pont-Up Store *(demostración en continuo)* | 21 |
| 11:00-21:00 | Presentación eezon e3 | 21 |
| 12:00-13:00 | Visita institucional | 14 |
| 12:00-14:00 | Podcast Galician Rural Lab *(mañá e tarde)* | 22/37 |
| 13:00-14:00 | Almorza, petisca, merenda dun xeito responsable | 22 |
| 14:30-16:30 | Tecendo comunidade (networking de participantes) | 28 |
| 16:30-18:00 | Jam Session Marketing Online: improvisación, SEO, WPO e Negocio Dixital | 10/22 |
| 16:30-20:00 | Exposición de proxectos e prototipos de innovacións creadas no Lab *(mañá e tarde)* | 27 |
| 16:30-21:00 | Mural de cocreación “Imaxina a empresa ideal” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 16:30-21:00 | Exposición “Cata de ideas na economía social Proxecto INTERREG VA-LACES” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 16:30-21:00 | Creando valor, tecendo redes *(mañá e tarde)* | 38 |
| 16:30-21:00 | Deportes urbanos | 23 |
| 16:30-21:00 | Circuíto permanente de orientación na cidade de Pontevedra | 22 |
| 17:00-17:45 | Coñece o deporte da Orientación | 23 |
| 17:00-18:30 | Live streaming profesional co teu móbil | 23 |
| 17:00-20:30 | Microsprint | 24 |
| 17:30-19:00 | Emprendedoras: unha odisea no #ciberespazo | 34 |
| 17:30-19:00 | Desenvolvendo o talento a través da tecnoloxía | 24 |
| 18:00-20:00 | Podcast Galician Rural Lab *(mañá e tarde)* | 22/37 |
| 18:30-20:30 | Taller práctico de iniciación á animación de personaxes | 30 |
| 18:30-20:30 | Emprende con Wordpress | 11 |
| 19:00-20:00 | Os teus plásticos no mar | 24 |
| 19:00-21:00 | Puntazo Exprés | 18 |
| 20:00-21:00 | Espectáculo de maxia | 24 |
| 21:30-23:00 | Tecendo comunidade: Viño participativo | 18 |

# SÁBADO 21

| | | PAX. |
|---|---|---|
| 09:30-10:50 | Almorzo Networking: “Os novos camiños do emprendemento” | 12 |
| 10:00-14:00 | Taller práctico de creación de “assets” para videoxogos | 30 |
| 10:00-14:00 | Taller de Stop Motion. Emprendemento tecnolóxico para rapaces e rapazas | 28 |
| 10:00-14:00 | Charla de educación dixital para pais, nais, persoas titoras e adultas sobre o emprego das tecnoloxías dos nativos e nativas dixitais | 28 |
| 11:00-14:30 | Creando valor, tecendo redes *(mañá e tarde)* | 38 |
| 11:00-14:30 | Mural de cocreación “Imaxina a empresa ideal” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 11:00-14:30 | Exposición “Cata de ideas na economía” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 11:00-21:00 | Espazo de emprendemento: Stands | 16 |
| 11:00-21:00 | Experiencia olfativa do Pont-Up Store *(demostración en continuo)* | 21 |
| 11:00-21:00 | Presentación eezon e3 | 21 |
| 11:00-21:00 | Circuíto permanente de orientación na cidade de Pontevedra | 22 |
| 11:15-14:15 | Emprendemento feminino. Especial sobre Axudas ao emprendemento Emega da Secretaría Xeral da Igualdade | 35 |
| 11:15-14:15 | Exposición “Mulleres premiadas co Galardón Mª Josefa Wonenburger Planells” | 35 |
| 11:30-14:30 | Deportes urbanos | 23 |
| 11:50-12:50 | Domesticando cogomelos | 25 |
| 12:00-14:00 | Podcast Galician Rural Lab *(mañá e tarde)* | 22/37 |
| 12:50-13:50 | O futuro do pan está no pasado | 25 |
| 14:00 | Acto de Entrega de premios | 14 |
| 14:30-16:30 | Verbena Creativa - A Enredadeira | 39 |
| 16:30-20:30 | Deportes urbanos | 23 |
| 16:30-21:00 | Creando valor, tecendo redes *(mañá e tarde)* | 38 |
| 16:30-21:00 | Mural de cocreación “Imaxina a empresa ideal” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 16:30-21:00 | Exposición “Cata de ideas na economía” *(mañá e tarde)* | 33 |
| 16:45-17:45 | Presentación do Galician Rural Lab: plataforma de empoderamento das parroquias do rural galego | 25 |
| 17:00-19:30 | Emprende o teu camiño: Carreira de orientación para valentes | 40 |
| 17:00-20:00 | Cafê a bordo: Presentaciôn da temporada | 36 |
| 17:30-19:00 | Mesa redonda: Emprendemento en videoxogos | 30 |
| 17:45-18:45 | Xincana mitolóxica, Pontevedra | 25 |
| 18:00-20:00 | Podcast Galician Rural Lab *(mañá e tarde)* | 22/37 |
| 19:00-20:30 | 1 hora = 60 minutos | 41 |
| 19:15-20:45 | Innovación Social Interxeracional: “Vulnerables” | 37 |
| 20:45 | Acto de peche | 14 |

# PROGRAMA POR ÁMBITOS


ESPAZO DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS E DO ECOSISTEMA EMPRENDEDOR 10

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO
- Actos institucionais 14
- Mapa de stands 15
- Lista de participantes 16
- Puntazo Exprés 18
- Actividades demostrativas 21

LABORATORIO CREATIVO: FAB LAB 26

ESPAZO GAMING: EMPRENDEMENTO DA MAN DOS VIDEOXOGOS 29

ESPAZO DE ECONOMÍA SOCIAL E CREATIVA 32

ESPAZO DE IGUALDADE 34

ESPAZO DE INNOVACIÓN SOCIAL 37

TECENDO REDES: ESPAZO NETWORKING 38



# ESPAZO DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS E DO ECOSISTEMA EMPRENDEDOR

## VENRES 20

16:30-18:00

### Jam Session Marketing Online: improvisación, SEO, WPO e Negocio Dixital.

3 charlas nunha, directas, de curta duración e con participación cruzada entre os 3 poñentes nun exercicio de improvisación un tanto temerario.
Non sabemos moi ben o que vai pasar, pero seguro que falaremos de SEO, WPO e Negocio Dixital.

**Presenta:** Ana Dopico Parada Representante do Pont-Up Store

**Imparte:**

- **Sergio Castelo** - Consultor SEO
- **Jacobo Varela** - CTO e Consultor web
- **Pablo Medraño** - CEO e Director de proxectos

**Lugar: Espazo 16 da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 , Pontevedra**

**Entrada libre ata completar aforo**

18:30-20:30

## EMPRENDE CON WORDPRESS

Meetup especial da Comunidade de WordPress Pontevedra

*Actividade enmarcada dentro de #PONTEWORDCAMP, WordCamp en Galicia (20-22 setembro) https://2019.pontevedra.wordcamp.org/*

WordPress é unha ferramenta para a creación de páxinas web pero tamén é moito máis. Queres aprender sobre iso? Todo o mundo é benvido sexa cal for o seu nivel. Faremos unha introdución á plataforma e despois escoitaremos as historias de tres persoas emprendedoras que nos contarán como converteron WordPress na súa forma de vida: traballo remoto, proxectos, clientes, desenvolvementos, deseños, contidos e máis.

**Organiza: Comunidade de WordPress Pontevedra**

**Presenta:** Juan Hernando, WordPress Pontevedra e Ana Dopico Parada Representante do Pont-Up Store

**Interveñen:**

- **Ainara Costas,** que nos falará da súa experiencia cun proxecto online e unha tenda física
- **Dani Serrano,** que compartirá con nós a súa viaxe como desenvolvedor e formador
- **Nora Ferreirós y Marta Torre,** que nos explicarán como traballar en equipo e non morrer no intento
- **Nahuai Badiola,** que nos detallará a súa experiencia cun membership site e como freelance

**Público ao que está destinado:** Calquera persoa emprendedora ou profesional que necesite apoiarse na internet para crecer e avanzar co seu proxecto ou produto, ou calquera dedicada ao desenvolvemento web que queira coñecer posibilidades de WordPress para o seu proxecto son máis que benvidas.

**Lugar: Espazo 16 da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 , Pontevedra**

**Programa e inscrición gratuíta en *https://pontup.wppontevedra.org***

# SÁBADO 21

09:30-10:50

## ALMORZO NETWORKING: “Os novos camiños do emprendemento”

Trátase dun almorzo distendido con persoas emprendedoras e expertas que achegarán pílulas formativas en áreas: económico-financeiras, marketing-ventas, legal e xurídico, como alicerces de apoio clave no emprendemento. As persoas asistentes poderán coñecer os novos retos do emprendemento, cunhas pílulas formativas da man de Marcelo Toural “O marketing móbil que vén para quedar” e Diana Fernández “A internacionalización das pemes e micro-pemes como palanca de crecemento”. Ademais, durante o almorzo terá lugar unha mesa redonda na que se resolverán dúbidas e cuestións de interese dos asistentes.

**Organiza:** **Aempe, Aje Pontevedra e Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa**

**Presenta:** Representantes das entidades organizadoras

**Modera:** Silvia Crespo, Directora de Bien Bonito, Vicepresidenta de Aempe e membro do Comité Organizador do Pont-Up Store

**Interveñen:**

**- Marcelo Toural**

*CEO de Krack Co, grupo galego que xestiona preto de 50 tendas de calzado das insignias Krack, Bross, Geox, Clarks e Pikolinos, e a tenda online krackonline.com. Así mesmo, é socio fundador da firma de consultoría G3M Operational Consulting - especializada en mellora e optimización de operacións e vendas en empresas, e de tupsicologateescucha.es, unha web de atención psicolóxica domiciliaria.*
*Ao longo da súa traxectoria profesional traballou en compañías multinacionais como Atos Consulting, Accenture e Roberto Verino. É Enxeñeiro Industrial pola Universidade de Vigo, Executive- MBA polo Instituto de Empresa, Posgrao en Loxística pola Universidade de Vigo e o Centro Español de Loxística, Posgrao en Xestión e Control de Calidade pola UNED e Coach Certificado por ICC. Actualmente compaxina o seu traballo coa docencia en diferentes cursos e máster en diferentes institucións.*

**- Diana Fernandez Soutullo**

*Avogada. Apaixonada pola internacionalización exitosa das empresas. Nos últimos cinco anos, implantou sociedades con éxito en máis de 30 países (Kenia, Kazahstan, Portugal, Dubai, Australia ...). Traballou para o sector público en materia de sanidade e para o sector privado no sector do turismo de saúde e do mundo dixital internacional. Licenciada pola Universidade de Santiago de Compostela, con posgrao en dereito europeo e internacional pola Universidade Robert Schuman (Francia) e diploma en práctica xurídica pola Universidade de Cambridge (Reino Unido). Competente en internacionalización de empresas e especialista en dereito das TIC, protección de datos, propiedade intelectual e industrial.*

**Obxectivos:** Establecer conexións entre as persoas emprendedoras, ampliar a súa rede de contactos e procurar intereses comúns para crear oportunidades de negocio.

**Lugar: Espazo Central do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España**

**Público obxectivo:** participantes de stand do Pont-Up Store 2019 e público interesado

**Inscrición/máis información:** ***https://bit.ly/312Uxwo***



# ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

## VISITA OS **STANDS** PARA INSPIRARTE E COÑECER AS IDEAS DE NEGOCIO CON MÁIS FUTURO

PAX. 15-17

---

## ASISTE Á SESIÓN DO **PUNTAZO EXPRÉS** NA CASA DAS CAMPÁS E TOMA NOTA DAS INICIATIVAS MÁIS VALORADAS POR ENTIDADES E GRANDES EMPRESAS

PAX. 18-20

---

## PARTICIPA NAS **ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS** QUE SE DESENVOLVERÁN NO ESPAZO CENTRAL DA CARPA E ARREDORES

PAX. 21-25

# VENRES 20

11:30-12:00

## Acto Inaugural

**Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España**

**Asistirán representantes de entidades organizadoras e patrocinadoras:**

- Universidade de Vigo / Campus de Pontevedra
- Consello Social da Universidade de Vigo
- Concello de Pontevedra
- Deputación de Pontevedra
- Xunta de Galicia
- IGAPE
- Consorcio Zona Franca de Vigo
- Afundación, Obra Social Abanca
- EspazoCoop
- AJE Galicia / Aempe / Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
- ECOBAS
- R
- GADIS
- FINSA

12:00-13:00

## Visita Institucional

aos stands dos emprendementos seleccionados no Pont-Up Store 2019, Zona Fab Lab e a Exposición “Cata de ideas na economía social”

**Lugar: Inicio da visita na carpa do Pont-Up Store, Praza de España**

# SÁBADO 21

13:50

## Acto de Entrega de premios

**Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España**

**Intervencións:**
- Gloria Blanco Rial, Concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade do Concello de Pontevedra
- Jorge Soto Carballo, Vicerreitor do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo
- Pedro Figueroa Dorrego, Director do Pont-Up Store
- Representantes de entidades patrocinadoras e do Comité Organizador do Pont-Up Store

20:45

## Acto de peche

**Intervencións:**
Dirección e representantes do Comité Organizador do Pont-Up Store 2019

**Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España**

# MAPA DE STANDS

VENRES 20 E SÁBADO 21 / 11:00-14:30 E 16:30-21:00

Recinto do Pont-Up Store

## PRAZA DE ESPAÑA



# LISTADO DE PARTICIPANTES

1 **Información e Organización**
*www.pontupstore.com*

2 **Siente VR**
Productora de contidos inmersivos a través de fotografía e vídeo en 360º. Creación de experiencias para o sector creativo, inmobiliario, turístico, museos e institucións.
*www.sientevr.com*

3 **Stand institucional**

4 **Mery Puch**
**Tocados e Complementos**
Tocados e detalles personalizados traballando sempre con elementos naturais.
*www.merypuch.es*

5 **TRES FUCIÑOS**
**Sociedade Cooperativa Galega**
Cooperativa de porco celta criado en liberdade nos montes de castiñeiros e carballos. Empregando medios naturais locais e os saberes tradicionais na crianza do porco autóctono e na elaboración dos seus derivados.
*www.tresfucinos.gal*

6 **North West of Spain**
Empresa de inmersión lingüística e ocio. Traemos estranxeiros novos (e non tan novos) a Galicia e levamos galegos ao estranxeiro, para aprender inglés e crecer cunha experiencia a medida.
*www.northwestofspain.com*

7 **Mundaya**
Bolsos e accesorios feitos a man para a muller de hoxe, con materiais de gran calidade, pensados para unha vida funcional.
*www.mundaya.com*

8 **D-RAÍZ**
Marca de complementos de moda sostible manufacturados en Galicia.
*www.d-raiz.com*

9 **IRIA PROL STUDIO**
Proxectos de ilustración, pintura mural creativa e deseño gráfico para empresas e particulares.
*www.iriaprol.com*

10 **Revista Morcego**
Páxina / revista dixital que publica exclusivamente información sobre videoxogos en galego.
*www.revistamorcego.com*

11 **Estudo Bonobo**
Unha escola de artes e á vez moito máis que iso. Empresa de servizos socioculturais, selo discográfico, produtora audiovisual,.... cun enfoque de impacto social integrador.
*www.estudobonobo.com*

12 **Amásame Bakery Lab**
Obradoiro de panadería especializado no bo pan feito de forma artesá, nun espazo de traballo aberto ao público e cun espazo de degustación.
*es-es.facebook.com/AmasameBakery*

13 **Events by Cris Fernández**
Decoracion coidada, detallista, papelería personalizada, detalles para vodas e eventos, con dedicación, esforzo e cariño.
*www.instagram.com/eventsbycrisf*

14 **A3 Proyectos**
Representación virtual de proxectos de Enxeñería e Arquitectura.
*www.atresproyectos.com*

15 **Thania Moreira**
Axudo a mulleres a priorizarse, coidarse e practicar o amor propio a través do coidado da pel. Asesoramento estético personalizado.
*www.thaniamoreira.com*

16 **Amarelas S. Coop. Galega**
Proxecto socio-edu-eco-ludo-turístico heteroxéneo e dual que desenvolve actividades de turismo e ocio en Galicia.
*www.amarelas.es*

17 **CETÁCEA Estudio**
Estudo de deseño creativo sostible con un proxecto vital: Salvar ao mundo!
*www.instagram.com/cetaceaestudio*

18 **TXOKOSURF WEAR**
Roupa surfera.
*www.txokosurfwear.com*

19 **Aida Alonso**
✂ Papel • Ilustración • Proxectos artísticos.
*www.aidalonso.es*

20 **Rooteiro**
Turismo slow en Galicia, todo tipo de rutas poñendo en valor o patrimonio cultural, natural, gastronómico ou mariñeiro dende unha perspectiva responsable e sostible.
*www.rooteiro.com*

21 **Oytto**
Venda online de calzado de muller orientado á moda coa particularidade de centrarse en números pequenos e grandes, a pesar de ter tamaños comúns.
*www.oytto.com*

22 **Estudio Avelaíña**
Un estudo de deseño gráfico sostible.
*www.estudioavelaina.es*

23 **Magia en la Manga**
Espectáculos de maxia de calidade para cualquera evento.
*www.magiaenlamanga.com*

24 **Kidcode**
Proxecto de formación científico-tecnolóxica para rapaces e rapazas. Enfocado en axudarlles a identificar os seus talentos e habilidades a través da tecnoloxía.
*www.kidcode.es*

25 **NorPromenade**
Paisaxismo, deseño de xardíns horizontais e verticais e desenvolvemento de plans para a protección do Patrimonio Natural.
*www.norpromenade.com*

26 **BEFLAMBOYANT BRAND SL**
Zapatillas veganas, sostibles e unisex.
*www.beflamboyant.com*

27 **NATURAL SNACK LAB LU**
Snacks deshidratados a partir de purés de froitas 100% naturais, sen colorantes, conservantes nin azucres engadidos.
O seu nome Fruitah!
*www.fruitah.es*

28 **MERAKI FERMENTS**
Alimentos e bebidas con cualidades probióticas. Os primeiros en elaborar Kombucha en Galicia.
*www.merakiferments.com*

29 **PERDONA BONITA CREATIVE**
Bixutería artesanal feita a man.
*www.perdonabonita.es*

30 **MycoGalicia Plantae**
Empresa centrada na xestión e valorización do recurso micolóxico dos montes galegos para o desenvolvemento rural.
*www.mycogalicia.es*

31 **eezon e3 (VMS Automotive)**
Vehículo eléctrico de tres rodas (scooter) con estética urbana, lixeira e accesible que invita a tomar os seus mandos e moverse pola cidade sen ningunha atadura nin dificultade.
Nace como spin-out do grupo industrial Marsan, referencia no sector da automoción.
*www.eezon.net*

32 **Volvemos a Primera, Produccions audiovisuales**
Produtora de vídeo especializada en ficción, documental, video en internet, Youtube, campañas de vídeo e vídeo corporativo.
Traballa realización “live streaming” low cost en colaboración con Cedosce Audiovisual.
*www.volvemosaprimeraproducciones.com*

33 **Toxo Aventura e Natureza**
Achegan o deporte da orientación a todo o mundo. Ofrecen probas deportivas que mesturan habilidade, actividade física e contacto coa natureza a partes iguais e para toda a familia.
*www.toxoaventura.com*

34 **A FACTORÍA ATELIER**
Obradoiro adicado á recuperación de mobles e á creación artesanal de decoración e complementos a partir de materiais recuperados e sustentables.
*www.afactoriaatelier.com*

35 **Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.**
Editora adicada á publicación de obras dos eidos da economía social, a ecoloxía, o consumo sustentable e a educación e crianza alternativa.
*www.catroventos.gal*

36 **Huella Menguante**
Tenda online de produtos de uso diario orientados a reducir os residuos plásticos, produtos reutilizables, biodegradables e de cercanía.
*www.huellamenguante.com*




# VENRES 20

## 19:00-21:00 PUNTAZO EXPRÉS

**Organizan: Concello de Pontevedra / Pont-Up Store**

**Presenta:** Gloria Blanco Rial, Concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade; e Pedro Figueroa, Director do Pont-Up Store.

**Programa:** 10 emprendementos seleccionados previamente entre as candidaturas desta modalidade de participación, presentarán os seus proxectos durante 5 minutos a 4 empresas de relevancia.

**Lugar: Sala de conferencias do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11**

21:30-23:00

## Tecendo comunidade: Viño participativo

Participantes 2019 e sesión musical

**Organiza: Concello de Pontevedra**

**Lugar: Casa da Luz**

***Entrada reservada a proxectos seleccionados nas tres modalidades de participación – stands, actividades demostrativas e puntazo exprés-, entidades organizadoras, patrocinadoras e colaboradoras do Pont-Up Store 2019***

# RELACIÓN DE PERSOAS ESCOITANTES



## Uxía Fontán Lago

**Social Media & Inbound Marketing Director en Roi Scroll**

Licenciada en Administración e Dirección de empresas pola Universidade de Vigo, na súa carreira profesional desempeñou diversos postos relacionados coa xestión empresarial, ben sexa como consultora, como responsable de administración nunha peme do sector naval ou enfocada na mellora continua dos procesos da empresa. Pero é a área de Marketing a que conquistou definitivamente. Hoxe en día desempeña o posto de Social Media e Inbound Marketing Director na axencia galega de marketing dixital Roi Scroll, que en 2016 foi recoñecida como a "axencia máis eficiente de Europa" no Smile Festival e o ano pasado entrou na clasificación das 100 axencias máis destacadas de España elaborada pola publicación El Publicista.



## Carlos Suárez Rey

**Socio e Director Xeral de EDISA**

Doutor Enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade Politécnica de Madrid. Executive MBA e PAD por IESIDE. Programa "Management Research" Universidade de Harvard. Profesor na IESIDE en programas de grao e postgrao dende 1993. Profesor en programas de postgrao da Univ. Politécnica de Madrid dende 1995. Autor de máis de 10 libros e publicacións sobre os Sistemas e a Sociedade da Información. Socio e Director Xeral de EDISA dende 1993 ata a actualidade.



## Jessica Rey Gómez

**Responsable de marketing en Casa Grande de Xanceda**

Responsable do departamento de marketing e responsabilidade social de Casa Grande de Xanceda, unha granxa ecolóxica situada no interior da provincia da Coruña, que coida a 380 vacas "muUuy" felices e elabora produtos lácteos ecolóxicos de altísima calidade. Sen perder a esencia da granxa e do rural, con recursos limitados e desde un sector competitivo como o leiteiro, Jessica puxo en marcha iniciativas con repercusión a nivel nacional e internacional. É licenciada en Comunicación Audiovisual, cun Máster en Marketing Dixital (ESIC), e unha gran defensora do medio ambiente e dos animais.



## Tomás Casquero Cimadevila

**Director Xeral da biotecnolóxica galega Hifas da Terra.**

Licenciado en dereito pola Universidade de Navarra, Diplomado en dereito internacional e comparado pola Universidade de Amsterdam e Master en Economía e Dirección de Empresas ( MBA) polo Instituto de Estudos Superiores da Empresa (IESE). En 2006 foi nomeado Director Xeral de ACLUNAGA, onde asumiu a representación da industria naval galega e española. Durante 3 anos desempeñou a presidencia da mesa de diálogo social europeo. Desde setembro de 2014 é o Director Xeral da biotecnolóxica galega Hifas da Terra.

# RELACIÓN DE PARTICIPANTES

| | |
|---|---|
| **EEZON E3 (VMS AUTOMOTIVE)** | Vehículo eléctrico de tres rodas (scooter) con estética urbana, lixeira e accesible que invita a tomar os seus mandos e moverse pola cidade sen ningunha atadura nin dificultade. Nace como spin-out do grupo industrial Marsan, referencia no sector da automoción. ***www.eezon.net*** |
| **A3 PROYECTOS** | Representación virtual de proxectos de Enxeñería e Arquitectura. ***www.atresproyectos.com*** |
| **ESTUDO BONOBO** | Escola de artes e á vez moito máis que iso. Empresa de servizos socioculturais, selo discográfico, produtora audiovisual,... cun enfoque de impacto social integrador. ***www.estudobonobo.com*** |
| **TRES FUCIÑOS** SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA | Cooperativa de porco celta criado en liberdade nos montes de castiñeiros e carballos. Empregando os medios naturais locais e os saberes tradicionais na crianza do porco autóctono e na elaboración dos seus derivados. ***www.tresfucinos.gal*** |
| **FARRAPOS E CONTOS** | Farrapos e contos é un movemento ecolóxico, sostible, solidario e inconsciente creado a partir dunha marca de roupa conta contos. ***www.farraposecontos.com*** |
| **MUNDO ESCÉNICO** | Unha plataforma dixital que nace co obxectivo de modernizar, democratizar e facer máis accesible o mundo das Artes Escénicas en Galicia. ***www.mundoescenico.gal*** |
| **NOSOSONO** | Espazo online onde se expoñen, difunden e venden produtos de arte, deseño e artesanía pensados e fabricados a man. ***www.nososono.com*** |
| **SOMOSTERRA** | Formación en sostibilidade e asesoramento en desenvolvemento sostible. Ademais, dun servizo de divulgación científica para contribuír á xeración de cultura científica na sociedade e promover a adaptación da sociedade para os inminentes escenarios de incerteza climática. ***www.somosterra.gal*** |
| **TICGAL** | TICgal dá soporte a unha aplicación opensource chamada GLPI. O obxectivo inicial da aplicación é a xestión de peticións e o inventario informático. ***www.tic.gal*** |
| **TRIQUELS** | Cooperativa que axuda a empresas e marcas con valores a mellorar a súa comunicación e sostibilidade. ***www.triquels.com*** |



# ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS

**No espazo central da Carpa, Praza de España**
*(Excepto cando se indique o contrario)*

## ACTIVIDADES DURANTE O VENRES 20 E SÁBADO 21

DEMOSTRACIÓN EN CONTINUO

### Experiencia olfativa do Pont-Up Store

Organiza: **ALPEMATIC Experiencias Olfativas**

Unha experiencia sensorial única asociada ao evento xerando un ambiente agradable aos participantes e visitantes e aumentando a sensación de benestar cun aroma adaptado ao lugar e ao público que asiste ao Pont-Up Store.

***Dirixido a todos os públicos***

12:00-14:00 E 18:00-20:00

### Presentación eezon e3

Organiza: **eezon e3 (VMS Automotive)**

Presentaremos a nosa motocicleta eléctrica de tres rodas, eezon e3, innovadora solución de mobilidade urbana que conta coa axilidade dunha motocicleta convencional, pero cun nivel de seguridade moi superior. Realizaremos unha pequena demostración de condución nun pequeno circuíto de conos.

**Lugar:** **Paseo de Montero Ríos**

***Público obxectivo:*** *Público xeral, pero especialmente representantes de administracións públicas con intereses en mobilidade urbana ou persoas usuarias de vehículos para servizos.*

***Máis información no stand 31***

# VENRES 20

13:00-14:00

## Almorza, petisca, merenda dun xeito responsable

Organiza: **ACASTREXA**

Durante a presentación o público poderá coñecer o proxecto, probar unhas galletas de millo e ver un vídeo explicativo do porqué deste produto.

A responsabilidade non é só unha cuestión de saúde, senón que debe axudar a asentar poboación, recuperar cultivos e unha cultura rural sostible, recuperar paisaxe, desenvolver produtos innovadores e establecer sinerxias con outras empresas quedando os residuos do cultivo en cero.

***Dirixido a todos os públicos***

***www.acastrexa.wixsite.com/acastrexa***

16:30-18:00

## Jam Session Marketing Online: improvisación, SEO, WPO e Negocio Dixital.

Organiza: **Koompany | Growth partner**

3 charlas nunha, directas, de curta duración e con participación cruzada entre os 3 poñentes nun exercicio de improvisación un tanto temerario. Non sabemos moi ben o que vai pasar, pero seguro que falaremos de SEO, WPO e Negocio Dixital.

**Lugar: Espazo 16 da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 , Pontevedra**

***Entrada libre ata completar aforo***

*Ver máis información na* ***PÁX. 10***



# ACTIVIDADES DURANTE OS DOUS

12:00-14:00 E 18:00-20:00

## Podcast en directo

Organiza: **Galician Rural Lab**

Podcast en directo no que poderemos entrevistar e dar voz as persoas participantes, entidades organizadoras e patrocinadoras do Pont-Up Store 2019.

**Lugar: Stand 1 e 3 da organización do Pont-Up Store**

VENRES 16:30-21:00 E SÁBADO 11:00-21:00

## Circuíto permanente de orientación na cidade de Pontevedra

Organiza: **Toxo Aventura e Natureza**

Ao longo da tarde do venres 20 e durante todo o sábado 21, existirá un circuíto permanente de orientación na cidade. Deberedes levar un móbil Android e descargar unha app, coa que rexistraredes o paso polas balizas (puntos de control).

***Público obxectivo: Todos os públicos (menores de 9 anos acompañados).***

***Nota:*** *este emprendemento tamén organiza unha carreira de orientación o sábado 21.* **VER PÁX. 40**

***Máis información no stand 33***

## DÍAS: VENRES 20 E SÁBADO 21

VENRES 16:30-21:00

SÁBADO 11:30-14:30 E 16:30 -20:30

### Deportes urbanos

Organiza: **UrbanCultureFactory**

Faremos unha actividade demostrativa na que ensinaremos e probaremos algunhas modalidades de patín ou skate, coma o surf skate ou skate en rampa, ou módulos cunha instalación fixa dunha mini rampa duns 9 metros de longo x 4 de ancho aproximadamente.

O skate é un deporte urbano divertido e saudable, que non contamina, onde se potencia a igualdade, o esforzo e a superación persoal, e mellora os vínculos sociais e as relacións entre @s nen@s.

**Lugar: Praza de España**

***Público obxectivo:*** *Dirixido a todos os públicos para dar a coñecer talleres, actividades, formación e campamentos urbanos, pero sobre todo a nais e pais e público infantil de 5 a 10 anos, para que teñan a oportunidade de coñecer a Escola de skate, paddle surf e cultura urbana que abrirá moi pronto na Cidade de Pontevedra.*

***Máis información no stand nº 1 da organización***

17:00-17:45

### Coñece o deporte da orientación

Organiza: **Toxo Aventura e Natureza**

Falaremos de orientación, deporte que conxuga destreza mental e física. Darémosche todas as claves para poder participar (e gozar) nunha pequena proba que desenvolveremos alí mesmo, na Alameda. Ademais, estades convidad@s a participar no noso circuíto permanente.

***Público obxectivo: Todos os públicos (menores de 9 anos acompañados).***

17:00-18:30

### Live streaming profesional co teu móbil

Organiza: **Volvemos a Primera, Producciones audiovisuales en colaboración con Cedosce Audiovisual**

Mostra de realización live streaming con teléfonos móbiles multicámara para eventos. Farase un live streaming dalgunha das charlas do venres como mostra do traballo.

***Público obxectivo:*** *Empresas e organizacións que fagan conferencias, carreiras populares, eventos, concertos, actos deportivos, etc.*

***Máis información no stand 32***

17:00-20:30

## Microsprint

Organiza: **Toxo Aventura e Natureza**

**Lugar:** **Parque da Alameda de Pontevedra**

***Público obxectivo:*** *Todos os públicos (menores de 9 anos acompañados)*

***Nota:*** *este emprendemento tamén organiza unha carreira de orientación o sábado 21.* ***VER PÁX. 40***

***Máis información no stand 33***

18:00-19:00

## Desenvolvendo o talento a través da tecnoloxía

Organiza: **Kidcode**

Ensinaremos como a tecnoloxía pode axudarnos a resolver problemas ao noso redor. Para iso, empregaremos a metodoloxía do Design Thinking (pensamento de deseño) e ferramentas coma a programación, a robótica ou a impresión 3D. As persoas participantes identificarán cousas a mellorar do seu entorno, idearán solucións e deseñarán os prototipos que lles permitan explicar a súa idea.

***Público obxectivo:*** *xente de calquera idade aínda que está especialmente pensada para que rapaces e rapazas comprendan que poden cambiar as cousas e idear solucións innovadoras para os problemas que lles importan.*

19:00-20:00

## Os teus plásticos no mar

Organiza: **Huella Menguante**

A actividade consiste en simular 1 m cadrado aproximado de superficie dos nosos areais, (caixas de madeira con area e restos plásticos equivalentes ao que se pode atopar nun metro cadrado das praias galegas) facer un cribado manual da area e posteriormente facer un labor de identificación dos restos plásticos e da súa orixe.

***Público obxectivo:*** *Como é un labor de conciliación e de reflexión, sobre cal é a nosa responsabilidade na orixe dos plásticos do mar, está dirixido a todos os públicos, pero o labor de cribado está orientada a nenas e nenos de entre 4 e 9 anos. Polo que sería ideal que fose unha actividade realizada na que estivesen acompañados por adultos.*

19:00-20:00

## Espectáculo de maxia

Organiza: **Magia en la Manga**

Os ilusionistas de Magia en la Manga faremos un pequeno espectáculo de maxia para todos os públicos cheo de diversión, sorpresas e misterio. É una ocasión perfecta para ver en acción unha maxia profesional, moderna e impactante.

***Público obxectivo:*** *Público familiar (adult@s e nen@s).*

# SÁBADO 21

11:50-12:50

## Domesticando cogomelos

Organiza: **MycoGalicia Plantae**

Faremos unha actividade demostrativa na que montaremos unha paca produtora de cogomelos misturando pellet de palla e micelio de cogomelo ostra (Pleurotus ostreatus). Explicaremos como é a nutrición dos fungos, o papel que levan a cabo na natureza e como o ser humano conseguiu domesticar gran variedade de especies no seu beneficio.

***Público obxectivo:*** *dirixido a calquera que queira coñecer un pouco máis o mundo dos fungos e de onde saen os cogomelos que vemos no noso día a día.*

12:50-13:50

## O futuro do pan está no pasado

Organiza: **Amásame Bakery Lab**

Nesta actividade demostrativa gustaríanos falar da fermentación con masa nai de cultivo, da aplicación de temperaturas para unha fermentación lenta e da súa relación demostrada coa correcta asimilación do glute. Igualmente gustaríanos falar un pouco da importancia de traballar con fariñas sen aditivar e con fariñas moídas a pedra, de gran completo e de proximidade. Levaremos a nosa masa nai e explicaremos como fermentamos o noso pan. Ademais, daremos a probar o pan que facemos.

***Público obxectivo:*** *Todo o público*

16:45-17:45

## Presentación do Galician Rural Lab:

### plataforma de empoderamento das parroquias do rural galego

Organiza: **Galician Rural Lab**

17:45-18:45

## Xincana mitolóxica, Pontevedra

Organiza: **Amarelas S. Coop. Galega.**

Faremos unha actividade demostrativa na que os participantes terán que descubrir que seres mitolóxicos se agochan nas rúas de Pontevedra. A través deste xogo os visitantes irán coñecendo e interpretando os recunchos máis bonitos do casco vello dunha maneira divertida.

***Público obxectivo:*** *A actividade está dirixida a todos os públicos, especialmente a familias con nenos e nenas que queiran percorrer o casco vello de Pontevedra dunha maneira diferente.*

*Consulta nas* ***PÁXINAS 21-23*** *máis actividades demostrativas que se desenvolven tanto o venres* ***20*** *como o sábado* ***21.***



# LABORATORIO CREATIVO: FAB LAB

MÉRCORES 18 A SÁBADO 21

## MUSIC LAB

Tendencias e innovacións nos escenarios. Da creación sonora á creación audiovisual en tempo real.

**Organiza: XENEME Innovación Social e Local de Música de Pontevedra.**

**Asesoramento pedagóxico:** Oswaldo García Crespo. Uvigo.

Na industria musical están a aparecer innovacións constantes baseadas nas posibilidades que ofrece a tecnoloxía. Neste ámbito creativo xurden numerosas propostas emprendedoras, tanto no plano artístico como na ideación e produción dos espectáculos.
Unha das revolucións máis chamativas é a forma na que se deseñan os shows, onde a interacción entre artistas e escenografía fúndense e crean un novo concepto de espectáculo.

### Laboratorio Creativo

MÉRCORES 18 E XOVES 19 / 10:00-14:00 E 16:00-19:00 | VENRES 20 / 10:00-14:00

Neste workshop faremos unha inmersión en procesos de creación audiovisual en tempo real vencellados a propostas musicais e sonoras. Traballaremos en equipo na creación de propostas interactivas da man de profesionais e artistas.

**#ableton #resolume #videomapping #maxforlive #interactivearts**

**Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra**

**Prazas limitadas (20) con proceso de selección.**
***Info e inscrición: www.localdemusica.gal***

***Publico obxectivo:*** *Dirixido a profesionais e estudiantes do ámbito das artes, música, espectáculos, audiovisuais e novos medios.*

## MESA REDONDA:
## Tendencias e innovacións nos escenarios.

**MÉRCORES 18 / 19:00-20:30**

A tecnoloxía, a sostibilidade e a creatividade son aspectos que están a revolucionar o deseño dos espectáculos. Os escenarios expándense e nace unha visión disruptiva e innovadora no seu concepto. Estamos ante unha nova forma de deseñar os eventos. Nesta mesa falaremos sobre as iniciativas e emprendementos que están a cambiar a forma en que se deseñan as experiencias de usuario nos espectáculos coas persoas máis relevantes en Galicia neste eido.

**Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra**

***Aberto ao público***



## Showroom

**VENRES 20 / 10:00-14:00 E 16:30-20:00**

Exposición de proxectos e prototipos de innovacións creadas no LAB.

Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra

*Aberto ao público*

SÁBADO 21

# Taller de Stop Motion.

## Emprendemento tecnolóxico para rapaces e rapazas

TALLER 1: 10:00-12:00 | 7 A 9 ANOS

TALLER 2: 12:00-14:00 | 10 A 12 ANOS

**Organiza:** R / **Imparte:** Líbolis Pequenos Emprendedores

Talleres que fomentan os valores do emprendemento e os conceptos STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas)

**Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra**

**Inscricións:** a inscrición farase online 10 días antes da celebración do taller, cubrindo o formulario a través de correo electrónico, no blog de R ou nas redes sociais do Pont-Up Store. Enviaranse as entradas, e será **IMPRESCINDIBLE** presentalas para acceder aos Talleres de Stop Motion.
**Non é un evento exclusivo para clientes R:** poden solicitar as entradas tanto clientes como non clientes.

**Número máximo de rapaces/rapazas por taller: 30**

# Charla de educación dixital:

## Charla de educación dixital para pais, nais, persoas titoras e adultas sobre o emprego das tecnoloxías dos nativos e nativas dixitais.

CHARLA 1: 10:00-12:00

CHARLA 2: 12:00-14:00

**Organiza:** R / **Imparte:** Sherpa Digital

Como usar internet e as novas tecnoloxías de forma segura. Realizaranse dinámicas e casos prácticos.

- trucos e consellos de utilidade para realizar un bo uso da internet e das redes sociais
- respostas a preguntas como: a que idade se debe empezar a usar móbil, cantas horas é convinte estar conectados a internet, como se deben usar as redes sociais...
- informan e dan a coñecer as novas terminoloxías: sexting, grooming, ciberbullying,... e como nos afecta o cambio dixital

**Lugar: Espazo 16 da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 , Pontevedra**

***Público obxectivo:*** *a xeración que non creceu na era dixital: pais e nais, avós e avoas, persoas titoras e educadoras,...*

**Inscricións:** a inscrición farase online e informarase do enlace 10 días antes da celebración. Requírese inscrición previa no formulario pero non se necesita imprimir a entrada.
**Non é un evento exclusivo para clientes R:** poden solicitar as entradas tanto clientes como non clientes.

**Aforo limitado. Requírese puntualidade**



# ESPAZO GAMING:
## EMPRENDEMENTO DA MAN DOS VIDEOXOGOS

XOVES 19 A SÁBADO 21

XOVES 19 / 18:30-20:30

### Charla técnica creación de personaxes

O deseñador de xogos e conceptual de Corvus Belli, a empresa galega creadora de Infinity, wargame de éxito mundial, contará como enfrontan a creación de personaxes para os seus xogos, falándonos da caracterización do público obxectivo, os puntos de partida creativo ou os límites propios.

**Organiza: SPA-cc**

**Interveñen / imparten: Alberto Abal *(www.corvusbelli.com)***

***Público obxectivo:*** *Público interesado / Estudantes de deseño, Comunicación ou Belas Artes entre outros.*

**Nº de prazas:** 40

**Lugar: Sala de conferencias do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11**

***Inscrición/máis información: http://spa-cc.com ou info@spa-cc.com***

VENRES 20 / 18:30-20:30

## Taller práctico de iniciación á animación de personaxes

O realizador de animación Jorge Costas fará un repaso aos principios das técnicas clásicas de animación, que se utilizan hoxe en día nas máis modernas producións de animación CGI ou videoxogos.

**Organiza:** SPA-cc

**Interveñen / imparten:** Jorge Costas
***www.filmin.es/director/jorge-costas***

***Público obxectivo:*** *Público interesado/ Estudantes de deseño, Comunicación ou Belas Artes entre outros*

**Nº de prazas:** 25

**Lugar: Aula Informática da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11**

***Inscrición/máis información: http://spa-cc.com ou info@spa-cc.com***

SÁBADO 21 / 10:00-14:00

## Taller práctico de creación de "assets" para videoxogos

Oliver Villar, Formador Certificado da Blender Foundation e autor do libro "Aprendiendo Blender" presentará Blender 3d como ferramenta de creación dixital para a elaboración de elementos (assets) para a súa inclusión en entornos interactivos e motores de tempo real.

**Organiza:** SPA-cc

**Interveñen / imparten:** Oliver Villar
***www.blendtuts.es***

***Público obxectivo:*** *Público interesado/ Estudantes de deseño, Comunicación ou Belas Artes entre outros*

**Nº de prazas:** 25

**Lugar: Aula Informática da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11**

***Inscrición/máis información: http://spa-cc.com ou info@spa-cc.com***

SÁBADO 21 / 17:30-19:00

## Mesa redonda: Emprendemento en videoxogos

Representantes dos distintos sectores de actividade con implicación no desenvolvemento dos videoxogos debatirán sobre a situación e as necesidades do sector e as oportunidades de emprendemento que teñen cabida nel.

**Organiza:** SPA-cc / **Modera:** Carlos Pereiro ***www.revistamorcego.com***

**Participan:** Bea Legerén, Nacho Pintos, Oliver Villar.

***Público obxectivo:*** *Público interesado/Estudantes de deseño, Comunicación ou Belas Artes entre outros*

**Nº de prazas:** 20

**Lugar: Sala de exposicións da planta baixa de Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11**

***Inscrición / máis información: http://spa-cc.com ou info@spa-cc.com***

# O IMPULSO DA XENTE VALENTE




A campaña deste ano quere poñer en valor o risco que asumen as persoas que deciden emprender para agradecerlles a valentía de apostar por unha idea, entregando o seu tempo e o seu esforzo para facer realidade proxectos que tantas veces contribúen a mellorar a vida da nosa sociedade, e tamén a reequilibrar, a base de moito esforzo persoal, as eivas da economía global.

A ilustradora galega **Iria Prol** interpretou a mensaxe da campaña cunha composición piramidal que apunta cara arriba para representar o esforzo do emprendemento e ilustrar a idea de que, aínda que ás veces só vemos a punta do iceberg, detrás de cada emprendemento hai unha gran base de traballo e esforzo, na que as persoas emprendedoras teñen que ter os pés na terra e á vez manter a vista no futuro, medrando cara arriba.




# ESPAZO DE ECONOMÍA SOCIAL E CREATIVA

XOVES 19

## Xornada "As cooperativas culturais: resposta aos retos do sector cultural"

10:30-14:00

### Mesas de experiencias inspiradoras

- As cooperativas mixtas: unha opción de interese no sector
- Acordos de uso de espazos públicos entre administracións e cooperativas

### Encontro con representantes de institucións públicas e entidades privadas

**Organiza: Sectorial de Cultura da Unión de Cooperativas EspazoCoop**

**Lugar: Sala de conferencias da Sede Afundación Pontevedra, Praza San Xosé, Pontevedra**

**Entrada libre ata completar aforo**

***Para máis información: info@espazo.coop***

10:30-14:00

### Xuntanza interna da Sectorial de Cultura da Unión de Cooperativas EspazoCoop

*Entrada reservada a membros da sectorial da cultura da Unión de Cooperativas EspazoCoop.*

## XOVES 19 A SÁBADO 21

11:00-14:30 E 16:30-21:00

### Exposición “Cata de ideas na economía social proxecto INTERREG VA-LACES”

**Organiza: Subdirección Xeral de Economía Social – Consellería de Economía, Emprego e Industria**

**Coordina: Subdirección Xeral de Economía Social**

Exposición aberta ao público que recolle o labor de 20 empresas da economía social de Galicia e o Norte de Portugal.

**Lugar: Sala de exposicións da Escola Superior de Conservación e Restauración**

## VENRES 20 E SÁBADO 21

11:00-14:30 E 16:30-21:00

### Mural de Cocreación “Imaxina a empresa ideal”

**Organiza: Rede Eusumo, Subdirección Xeral de Economía Social – Consellería de Economía, Emprego e Industria**

Mediante esta actividade búscase a cocreación dun mural que transmita a esencia da nova forma de crear empresa baseada nunha economía con valores sociais e responsables. Búscase que novos artistas previamente invitad@s plasmen a súa visión sobre como é a súa empresa ideal atendendo a diferentes valores que se lles facilitarán a modo “Briefing”. O mural realizarase o venres e quedará exposto o sábado.

**Lugar: Recinto do Pont-Up Store, Praza de España de Pontevedra**



# ESPAZO DE IGUALDADE

17:30 - 19:00

**VENRES 20**

## EMPRENDEDORAS: unha odisea no #ciberespazo

Encontro anual de Mentoring e Emprendemento en Galicia que porá o foco na ardua odisea de emprender, especialmente en disciplinas tecnolóxicas, para crear un futuro sostible en igualdade.
Mesa redonda con debate entre persoas emprendedoras, especialistas en emprendemento e FFF ( Family, Friends & Fools).

**Organiza:** **Fundación WOMANFORWARD**

**Presenta e modera:** Paloma Castro Rey Concelleira de igualdade no Concello de Pontevedra e Ramón Suárez, Embaixador Fundación WOMANFORWARD.

**Interveñen:**

- **Sonia Pazos,** Spain Liaison Office en INL International Iberian Nanotechnology Laboratory. ExDirectora de Centros de Innovación GAIN-XUNTA. Máster en Dirección de RRHH e Xestión do Talento, MBA e MCA. Experta en innovación. @SoniPazos
- **Paola Guimeráns,** Fundadora Aula STEAM. Asesora en innovación educativa. Doutora en Belas Artes. Experta en e-Textiles. @paolaguimerans
- **Bibiana López,** Dixital knowmad. Lic. Historia da arte, Máster en Patrimonio USC, MBA por UCatania, RRPP ULaHabana Cuba. Emprendedora incansable. @bibianeska
- **Pilar Vila,** CEO e cofundadora de Forensic & Security, e de DFTools Dixital Forensics Analyst. CSE Chief Security Envoy en ElevenPaths. Enxeñeira informática. Emprendedora. @PilarinaVilla

Contaremos con representantes de Executivas Galicia, Woman Emprende, MadrinaNet, GalsTech, Women Techmakers, Women in Tech, MujeresTech,..
Networking no recinto do Pont-Up Store e Happy Co-chatting polo Casco Vello de Pontevedra.

***Público obxectivo:*** *persoas interesadas no emprendemento e en saber como sobrevivir ao intento.*

***Nº de prazas:*** *máximo 80 prazas*

**Lugar Espazo 14 da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2**

***Inscrición/máis información: http://bit.ly/odisea-ciberespacio***

SÁBADO 21

## Organiza:

**Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia**

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

11:15 - 14:15

## Emprendemento feminino.

### Especial sobre Axudas ao emprendemento feminino Emega da Secretaría Xeral da Igualdade

Mesa redonda na que varias mulleres que recibiron a axuda ao emprendemento feminino do Emega falarán dos retos que se lles presentaron e das solucións atopadas e do desenvolvemento da súa iniciativa empresarial.

**Presenta:** Susana López Abella Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia)

**Modera:** Representantes da Subdirección xeral de promoción da Igualdade e de Woman Emprende

**Interveñen:** 3 mulleres en representación de emprendedoras que foron beneficiarias da axuda do Emega ao emprendemento feminino e dúas persoas en representación doutras institucións/entidades relacionadas coa temática

***Público obxectivo:*** *Estudantado da universidade; mulleres de asociacións de mulleres, empresarias e empresarios.*

**Lugar: Sala de conferencias do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11**

***Inscrición: Consultar o programa online en www.pontupstore.com para máis información***

***NOTA:*** *Haberá servizo de gardería para nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 9 anos ambos incluídos. O número máximo no servizo de gardería será de 15 nenas e nenos.*

11:15 - 14:15

## Exposición:

### Mulleres premiadas co Galardón Mª Josefa Wonenburger Planells

Con esta exposición preténdese visibilizar e facer chegar á sociedade as contribucións feitas polas mulleres galegas á ciencia e á tecnoloxía. Todas elas foron galardoadas co Premio María Josefa Wonenburger Planells, que outorga anualmente desde o ano 2007 a Xunta de Galicia.

**Lugar: Hall da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto, 9, 36002 Pontevedra**

# SÁBADO 21

## Cafê a bordo: Presentaciôn da temporada

**Organiza:** **Mulleres Atlânticas**

Os Cafês a bordo son eventos mensuais que organizan dende a comunidade Mulleres Atlânticas na que participan cerca de 20 emprendedoras e nas que se propoñen diferentes dinámicas que permiten networking e a creación de sinerxias entre proxectos.

**17:00-19:00**

**Breve presentación da comunidade Mulleres Atlânticas e a súa programación para a nova temporada. Abrirase unha rolda de presentacións breves das asistentes nas que se deberán presentar nun minuto a súa marca e o seu obxectivo empresarial do momento.**

**19:00-20:00**

**Actividade de interacción por grupos de 4 participantes dos stands do Pont-Up Store. Facilitaranse unhas instrucións e pistas e quen resulte gañadora recibirá unha membresía RÎA.**

***Público obxectivo:*** *Mulleres emprendedoras cun proxecto empresarial ou en fase de desenvolvemento (máximo 20 inscricións)*

**Lugar: Sala de conferencias do segundo andar da Casa das Campás, Rúa Don Filiberto 9-11.**
**Actividade de interacción e entrega de premios na carpa do Pont-Up Store. Praza de España de Pontevedra**

***Inscrición: https://forms.gle/d4brWsGjvXRLMPwS8***




# ESPAZO DE INNOVACIÓN SOCIAL

## VENRES 20 E SÁBADO 21

VENRES 20 E SÁBADO 21

**12:00-14:00 E 18:00-20:00**

## Galician Rural Lab

**Presenta:**
**Alba Sotelo**

Podcast en directo no que poderemos entrevistar e dar voz as persoas participantes, entidades organizadoras e patrocinadoras do Pont-Up Store 2019.

**Lugar: Stand 1 e 3 da organización do Pont-Up Store, Praza de España**

SÁBADO 21

**19:15-20:45**

## Innovación Social Interxeracional: VULNERABLES

**VULNERABLES** é un proxecto que pon o foco na interxeracionalidade, que ten tres ámbitos de actuación "UVE" (Universidade, Voluntariado e Emprendemento). A misión de **VULNERABLES** consiste, a través de iniciativas singulares nos ámbitos de actuación "UVE", en erradicar esa especie ghetto cronolóxico no que a sociedade sitúa aos seus maiores. Unha discriminación de idade que ten repercusións tan importantes na sociedade como a perda da transferencia dos excedentes de coñecemento dos/as maiores cara as novas xeracións, así como a posibilidade de desenvolver unha relación bidireccional en igualdade onde os/as maiores tomen á vez dos/as mozos/as a súa ousadía, creatividade e vitalidade. **VULNERABLES** dá visibilidade ao coñecemento senior poñendo en marcha actividades lúdicas, artísticas e empresariais nas que colaboran persoas de diferentes idades e xeracións. O proxecto **VULNERABLES** foi finalista do programa "Imparables" de AQUARIUS cunha iniciativa de emprendemento denominada **INTER-CAMPER** - *"O fin dos vellos... viaxes". Viaxes en Autocaravana por Galicia e Norte de Portugal. (Aventura - Creatividade - Interxeracionalidade).*

**Concerto de DETERIORADOS.**
**Country&Blues Heroico do Delta do Morrazo.** "Somos a punta de lanza comunicativa do proxecto Vulnerables. En vez de presentalo con powerpoint facémolo con música."

**Lugar: Palco e Espazo Central do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España**



# TECENDO REDES: ESPAZO NETWORKING

Networking de comunidades colaborativas e innovadoras para a dinamización social

VENRES 20

ACTIVIDADE CONTINUA EN HORARIO DE STANDS VENRES E SÁBADO

11:00-14:30 E 16:30-21:00

## Creando valor, tecendo redes

### Deseños disruptivos para espazos innovadores

**Proxecto colaborativo de:**
**FINSA e EUDI (Escola Universitaria de Deseño Industrial)**

Tecendo redes para crear valor, ese é o obxectivo da colaboración entre EUDI e FINSA, crear conxuntamente novos conceptos de mobiliario ao tanto das necesidades e tendencias do mercado. Grazas á contorna do Pont-Up Store, tanto na exposición na carpa institucional coma nos stands que aceptaron o reto de colaborar, as persoas que visiten o evento poderán desfrutar da exposición dos prototipos materializados, identificando para que foron creados e as súas utilidades.

**Ubicación: Carpa principal do Pont-Up Store nos stands colaboradores**

***Recoller folleto informativo no stand nº 1 da organización***

14:30-16:30

## Tecendo comunidade

### (networking de participantes)

**Organiza: Comité Organizador do Pont-Up Store 2019**

**Lugar: Espazo central da carpa do Pont Up Store**

***Entrada reservada a participantes de 2019***

# SÁBADO 21

14:30-16:30

## Verbena Creativa - A Enredadeira

**Espazo de unión de comunidades activas que mobilizan as nosas contornas.**

**Proxecto colaborativo:**
**FINSA e A Redeira**

Ao longo de dúas horas compartiremos risas, bailes e bo xantar entre todas as persoas que asistan dende diferentes comunidades da nosa contorna e máis alá: A Redeira, wordPress Pontevedra, Local de Música, Campusiño, Enpoio (Poio Impulsa), Creative Habitat, Mulleres Atlánticas, Pont-Up Store, ...
Co obxectivo de coñecernos e visibilizar todas as comunidades que están a facer un montón de cousas, inspirándonos grazas á interacción destas redes.

**Lugar:** Patio interior do **Instituto de Educación Secundaria IES Valle Inclán**, Paseo Montero Ríos, s/n, 36001 Pontevedra. Entrada pola porta posterior do edificio na Rúa Frei Tomé de Sarria.

*Entrada reservada a participantes de Pont-Up Store 2019 e comunidades invitadas:* ***A Redeira, WordPress Pontevedra, Local de Música, Campusiño, Poio Impulsa, Creative Habitat, Mulleres Atlánticas, Pont-Up Store,...***

13:30 **Momento vermú e benvida ás comunidades**

16:30-18:00 **Momento sobremesa**
**Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra**



17:00-19:30

# Emprende o teu camiño:
## Carreira de orientación para valentes.

**Organiza:** **Toxo Aventura e natureza e Pont-Up Store**

**Patrocina:** Abanca, GADIS

Carreira de orientación por equipos (de 2 a 4 persoas) cunha duración máxima de 2 horas 30min que se desenvolverá na contorna urbana da cidade de Pontevedra. As persoas participantes deberán mostrar as súas competencias para traballar en equipo, lideralo, tomar decisións correctas e consensuadas, e resolver os problemas que poidan ir xurdindo.
Os equipos contarán con camisetas técnicas, mapas de orientación específicos creados para esta carreira (1 por persoa), cronometraxe con sistema electrónico, resultados impresos e publicados en tempo real e entregaranse trofeos para os equipos gañadores nas dúas categorías (grupos de empresas e grupos familiares ou de amizades)

***Nº de prazas:*** *120*

**Lugar de saída: Praza España, recinto Pont-Up Store**

***Información e inscrición a partir do 12 de agosto ata o 10 de setembro:***
***https://toxoaventura.com/inscricions/pontupstore2019/***
***http://bit.ly/2XDKkJw***



19:00 -20:30

# 1 hora = 60 minutos
## Economía social e os bancos de tempo

**Organiza: A Redeira**

Unha hora ten o mesmo valor para todas as persoas: 60 minutos. Organizamos unha xuntanza onde poderás coñecer os bancos de tempo como ferramenta para dar vida a novos proxectos e iniciativas, e dinamizar así a túa contorna.

***Público obxectivo:*** *persoas con interese en coñecer os bancos de tempo ou aquelas que xa forman parte deste tipo de iniciativas.*

**Lugar: Sala X da Facultade de Belas Artes, Rúa Maestranza, 2 Pontevedra**

***Inscricions: se queres participar podes inscribirte mandando un mail a ola@aredeira.gal***

# LOCALIZACIÓN DE ESPAZOS

PONT-UP STORE 2019

**Zona Multiusos do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España**

1 **Casa das Campás** / Rúa Don Filiberto 9-11

2 **Casa da Luz** / Praza da Verdura s/n

3 **Facultade de Belas Artes** / Rúa Maestranza, 2

4 **Escola Superior de Conservación e Restauración**
Rúa Maestranza, 2

5 **Paseo Montero Ríos**

6 **Parque da Alameda**

7 **IES Valle Inclán** / Paseo Montero Ríos, s/n

8 **Afundación** / Praza San Xosé




PONTEVEDRA
PONT-UP STORE 2019
1
2
3
4
5
6
7
8
Praza de Alonso de Fonseca
das Aparicións
Praza 5 Rúas Isabel II
Cousiño
S. Xulián
Cesar Boente
Benito Soto
Xofre de Tenorio
San Bartolomeu
Condesa Pardo Bazán
Arcebispo Malvar
Amargura
Avenida Santa María
Rúa Alta
P.G. Charino
Princesa
Real
Praza de Méndez Nuñez
Marqués de Aranda
Palma
Padre Sarmiento
A. García Alen
Ferreiros
Mestre Mateo
Dna. Tareixa
Tetuán
Liceo
Casino
Praza da Teucro
Teatro Principal
M. Quiroga
Animas
Don Gonzalo
San Sebastián
C. San Román
Figueroa
Pantería
Praza da Leña
P. Landín
Bastida
Praza de España
Subdelegación de Goberno
Maestranza
Facultade de Belas Artes
Ambulatorio
Xardíns Doutor Marescot
Michelena
F. Villaverde
Praza de Curros Enríquez
Praza da Ferrería
Soportais
P. Antonio Odriozola
Praza Ourense
Marquesa
Riestra
Xeneral Gutiérrez Mellado
Porta do Camiño
Praza da Peregrina
G. Zuñiga
Peregrina
Rúa Alameda
Alameda Arquitectos Sesmeros
Montero Ríos
Xardíns de Colón
Frei Tomas de Sarria
Delegación de Educación
Deputación Provincial
Enrique Labarta
Arquit. de la Sota
Oliva
Correos
García Camba
P. Rosalía de Castro
Xardíns de Vicenti
Avenida Raíña Victoria Eugenia
P. Cervantes
Pastor Díaz
Rosalía de Castro
Praza de San Xosé
Andrés Muruais
Instituto Sánchez Cantón
San Xosé
A. González Besada
Audiencia Provincial
Praza da Liberdade
Avenida Augusto
Praza Galicia
Ponte Nova
Palamios
Colexio Campolongo

PONT-UP STORE 2019

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

Séguenos en:

## COLABORADORES:

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Universidade de Vigo

Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

ABANCA

IESIDE BUSINESS INSTITUTE
INSTITUTO DE EDUCACIÓN SUPERIOR INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

GALICIA ECONOMÍA SOCIAL CREATIVA

músicos ao vivo

Ciem
Conferência Ibérica de Empreendedorismo

WORDPRESS PONTEVEDRA

fundación ronsel
Inserción sociolaboral e fomento do emprego

WF
Woman forward
Impulsando el talento femenino

ESCOLA · SVPERIOR DE · CONSERVACION E · RESTAVRACION DE · BENS · CVLTVRAIS DE · GALICIA

ELEFANTES DE CACHARRERIA

ESPACIO ARROELO
COWORKING PONTEVEDRA

A REDEIRA

empark

## EMPRESAS CONVIDADAS:

EDISA

CASA GRANDE DE XANCEDA
ECOLÓGICO

HIFAS da TERRA®
MUSHROOM BIOSCIENCE

Roi Scroll
DIGITAL BUSINESS

## ILUSTRACIÓN:

iriaprol
STUDIO

## VÍDEO:

NOELQUEIPO.COM

## FOTOGRAFÍA:

ALBA SOTELO
Photo & Video

PÁJAROS en mi CABEZA

## ORGANIZACIÓN PUNTAZO EXPRÉS:

NOVA
xestión cultural

## DESEÑO E MONTAXE STANDS:

GRUPO NORTE
GESTIÓN DE EVENTOS

## PROMOVE:

Universidade de Vigo

CREA S2i
Social and Sustainable Innovation

## PATROCINADOR PRINCIPAL:

CONCELLO DE PONTEVEDRA

## DIRIXE E ORGANIZA:

G4 PLUS
Desarrollo estratéxico: organizacións e territorios
Universidade de Vigo

Membro de:
ECOBAS
Economics and Business Administration for Society

## PATROCINADORES:

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Consello Social
Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA | igape

eusumo
Cooperativismo e Economía Social

//Afundación
Obra Social ABANCA

aje
Galicia
Jóvenes Empresarios

æmpe

cámara
Pontevedra, Vigo y Vilagarcía de Arousa

espazo coop
unión de cooperativas galegas

ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

GADIS

FINSA
soluciones en madera

## DESEÑA E COMUNICA:

o cable inglés
cooperativa cultural

## MÁIS INFORMACIÓN:

info@pontupstore.com
prensa@pontupstore.com

Consulta o programa en
PONTUPSTORE.COM